

No me deixes caer na tentación

Xesús: comezamos a Coresma, 40 días para preparar a Semana Santa, a celebración da túa morte e resurrección.

Pídesnos que fa

gamos un proxecto de vida no que melloremos a nosa relación con Deus, cos outros e connosco mesmos.

No evanxeo deste primeiro domingo advértesnos que a Coresma é camiñar contracorrente da moda, do fácil, do que fan case todos.

Tamén nos lembramos que hai que deixar atrás o poder, a fama, as riquezas e o prestixio que me seducen e me fan caer e ser un infeliz.

Non nos deixes, Xesús, caer na tentación de esquecernos de Dios, de non rezar, de valorar máis as cousas que o espiritual.

E libranos do mal, para que a nosa fe sexa máis forte que as dificultades e o noso amor sexa servizo e entrega a mancheas.

Xesús, ensíname a confiar en ti, coa túa axuda non caerei na tentación.



Constrúe o teu recanto coresmal

Convidámosche a realizar na casa un espazo significativo durante a Coresma e a Pascua. Prepara un lugar onde podes poñer un pano morado (en Pascua cambiarase por un branco), neste lugar pon o Evanxeo de cada domingo ou do día. Se che é posible, pon xunto á Palabra un crucifixo significativo, unha cesta onde poñeremos o que aforramos para compartir con Cáritas o Xoves Santo, e un cunco baleiro, que logo en Pascua encherémolo coa auga bendicida na Vixilia Pascual e que conservaremos durante toda a Pascua, do cal, cada día tomaremos un pouco para persignarnos e lembrar a nosa condición de bautizados, de fillos de Deus. Logo, xa en Pascua poderás poñer xunto á cruz un cirio, signo da luz de Cristo resucitado, ou ben o que che entreguen na Vixilia ou outro significativo. Así mesmo en pascua poderás adornar ese espazo con flores, signo da alegría e da vida.



JESÚS Mt 6,1-6

El Buen Maestro



Mc 1,12-15

1 domingo de cuaresma

...MENSAJERO

**O Mestre Xesús
ensíname o oficio
de mensaxeiro**

Coresma 1º-B

XÉNESE 2, 7-9; 3, 1-7 *Creación e pecado dos primeiros pais.*

O Señor Deus modelou o home do po do chan e insuflou no seu nariz alento de vida; e o home converteuse en ser vivo. Daquela o Señor Deus plantou un xardín en Edén, cara a oriente, e colocou nel o home que modelada. O Señor Deus fixo brotar do chan toda clase de árbores hermosas para a vista e bos para comer; ademais, a árbore da vida na metade do xardín, e a árbore do coñecemento do ben e o mal. A serpe era máis astuta que as demais bestas do campo que o Señor fixera. E dixo á muller: «Conque Deus díxovos que non comades de ningunha árbore do xardín?». A muller contestou á serpe: «Podemos comer os froitos das árbores do xardín; pero do froito da árbore que está en metade do xardín díxonos Deus: “Non comades del nin o toquedes, pola contra morreredes”». A serpe replicou á muller: «Non, non morreredes; é que Deus sabe que o día en que comades del, abríransevos os ollos, e seredes como Deus no coñecemento do ben e o mal». Entón a muller deuse conta de que o froito da árbore era bo para comer, atraente aos ollos e desexable para lograr intelixencia; así que tomou do seu froito e comeu. Logo deullo ao seu marido, que tamén comeu. Abríronselles os ollos aos dous e descubriron que estaban espidos; e entrelazaron follas de figueira e cinguíronas. *Palabra do Señor.*

SALMO 50: Misericordia, Señor, temos pecado.

ROMANOS 5, 12. 17-19: Onde abundou o pecado, sobreabundou a graza (forma breve)

MARCOS 1,12-15: Xesús xaxuou corenta días de foi tentado.

Narrador: Naquel tempo, Xesús foi levado ao deserto polo Espírito para ser tentado polo diño. E despois de xaxuar corenta días coas súas corenta noites, ao fin sentiu fame. O tentador achegóuselle e díxolle:

Tentador: -«Se es Fillo de Dios, di que estas **pedras se convertan en pans**».

Narrador: Pero el contestoulle:

Xesús: -«Está escrito: “Non só de pan vive o home, senón de toda palabra que sae da boca de Deus”».

Narrador: Entón o diño levouno á cidade santa, púxoo no beirado do templo e díxolle:

Tentador: -«Se es Fillo de Deus, **tírate abaixo**, porque está escrito: “Deu ordes aos seus anxos acerca de ti e sosterrante nas súas mans, para que o teu pé non tropece coas pedras”».

Narrador: Xesús díxolle:

Xesús: -«Tamén está escrito: “Non tentarás ao Señor, o teu Deus”».

Narrador: De novo o diño levouno a un monte altísimo e mostroulle os reinos do mundo e a súa gloria, e díxolle:

Tentador: -«**Todo isto che darei**, se te prostras e me adoras».

Narrador: Entón díxolle Xesús:

Xesús: -«**Vaite, Satanás, porque está escrito: “Ao Señor, o teu Deus, adorarás e a el só darás culto”**».

Narrador: Entón deixouno o diño, e velaquí que se lle achegaron os anxos e servíano.

Palabra do Señor.

(Narrador-Tentador-Xesús)



Mc 1,12-15
1 domingo de cuaresma
...MENSAJERO

O Mestre Xesús ensíname o oficio de mensaxeiro 1.VER: Os oficios

- **Iniciamos o tempo de Coresma:** 40 días camiñando cara á Pascua que celebraremos en Semana Santa que é o principal que celebra. Da man de Fano achegarémonos a Xesús o Bo Mestre, o fillo do carpinteiro que nos ensina a VIVIR. Cada semana é un percorrido por diferentes oficios que exerceu Xesús. Así que seguiremos unha dinámica de “oficios”. Que é un oficio? É un traballo, unha profesión, que ten unha parte manual. Así que non se trata só de aprender senón tamén de practicar. Temos un mestre e nós somos os aprendices que imos coñecendo o oficio e aprendendo a exercelo. **Que sabes da**

coresma? Que oficios che gustan máis?

Material oficios de Fano: <https://odresnuevos.es/2024/02/05/material-cuaresma-fano-2024/>

2. XULGAR: Xesús ensínanos o oficio de mensaxeiro

- No 1º domingo de Coresma, lendo o evanxeo descubrimos que Xesús dinos que fixo a súa preparación no deserto durante 40 días. Alí deixouse tentar polo mal antes de predicar. Pero El lendo o Evanxeo descobre a forma de VIVIR e dínolo: **“convertédevos e crede no Evanxeo”**.

Mc. 1,12-15, Fundación Ramón Pané, película: <https://youtu.be/7S30YDCaGYA>

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- Na Coresma imos ser **“aprendices”** do noso “Bo Mestre”. Como home que era, Xesús aprendeu e practicou de Xosé o oficio de carpinteiro. Pero como Deus que era exerceu diversos oficios para ensinarnos como vivir. A Coresma vai ser o noso período como “aprendices” do noso Bo Mestre.

- O **Mércores de Cinza** aprendemos unhas **indicacións básicas** para vivir en Coresma: a esmola que non é só dar do que nos sobra, a oración que non debe ser de beizos para fóra senón de corazón, falando con Deus “e o xaxún” que é privarnos do que nos estorba aprender de Deus: tele, redes sociais, comodidade... E os aprendices pónense un **“uniforme de traballo”**, nós recibimos a cinza na fronte para exercer ben o noso oficio de cristiáns Que vos parece?

- O evanxeo de hoxe o Mensaxeiro explícanos como **facen ben o oficio de Mensaxeiro: “convertédevos e crede no evanxeo”**. Así que hai que converterse, cambiar, vencer a tentación de calarnos por medo ou comodidade, de ter e ter, de usar aos demais...

Como explicar a Coresma aos nenos (Cousas de Deus): <https://www.youtube.com/watch?v=q5LU1ws4KIE>

Cales son as túas tentacións? Como superalas?

2. ACTUAR: Comecemos o noso oficio de aprendices

- Achégate este día a recibir a cinza. Fíxate como realizar esas indicacións básicas de Xesús: oración, xaxún, esmola. Faite cos debuxos de Fano para esta Coresma, recorta o de cada domingo e trata de descubrir como realizar o oficio de mensaxeiro. Fai na túa casa un recanto coresmal.

Xesús, meu mestre, Fano e Unai Quirós: <http://youtu.be/watch?v=LKbp8N6puBU>

Corenta días camiñando, canción: <https://www.youtube.com/watch?v=NgvzpdgUpE>

Que vas facer estes 40 días? Que vas cambiar?